




CHIEN-SHUNG WU



A física **Cheien-Shung Wu** realizou importantes descubrimentos relacionados coa radioactividade. Participou no Proxecto Manhattan, creou o experimento Wu e mellorou os contadores Geiger.



ROSE DIENG-KUNTZ



A informática **Rose Dieng-Kuntz** especializouse en intelixencia artificial. Traballou en xestión do coñecemento e a web semántica.



Tewhida Ben Sheikh



Tewhida Ben Sheikh foi a primeira muller musulmá do Norte de África en converterse en doctora e xinecóloga. Foi pioneira no campo da planificación familiar.




WANGARI MAATHAI



Bióloga e profesora de anatomía **Wangari Muta Maathai** gañou o Premio Nobel da Paz en recoñecemento da súa contribución ao desenvolvemento sostible.



FRANÇOISE DOLTO



A pediatra e psicanalista **Françoise Dolto** é recoñecida pola súa investigación na psicoloxía e linguaxe corporal dos bebés e d@s nen@s.



GRACE HOPPER



A matemática **Grace Hopper** desenvolveu o primeiro compilador e a linguaxe COBOL. Popularizou a historia do primeiro bug informático "real".



MARIA MONTESSORI



María Montessori quixo elevar a educación ata o nivel de ciencia. Desenvolveu os métodos de ensinanza Montessori, e foi nominada tres veces ao Premio Nobel da Paz.



MELANIE KLEIN



Á psicanalista **Melanie Klein** interesáballe a psicoloxía dos nen@s. Desenvolveu novas técnicas de tratamento e influíu enormemente na psicanálise.



ALICE MILLER



A psicóloga **Alice Miller** foi moi influente no estudo da violencia na educación. Denunciou os métodos de crianza que prexudicaban @s nen@s ou non cubrían as súas necesidades.

9

KAREN HORNEY



Karen Horney, psiquiatra e psicanalista, foi pioneira na análise da psicoloxía feminina. Escribiu un dos primeiros libros de autoaxuda.

3

ROSALIND FRANKLIN



Rosalind Franklin, química e cristalógrafa de raios X, foi fundamental no descubrimento da estrutura do ADN. Ademais, foi pioneira na análise molecular dos virus.

2

CECILIA PAYNE



A astrónoma e astrofísica **Cecilia Payne** analizou os espectros de estrelas e novas, e descubriu que as estrelas están compostas nun 99% por hidróxeno e helio

3

LISE MEITNER



A física **Lise Meitner** descubriu a fisión nuclear contribuíu significativamente ao avance no coñecemento sobre radioactividade e física nuclear.

4

MARÍA TELKES



A física **María Telkes** foi pioneira en tecnoloxía de enerxía solar. Deseñou, entre outras cousas, o primeiro xerador de enerxía termoeléctrica e o primeiro sistema de calefacción solar.

3


DIAN FOSSEY



A primatóloga **Dian Fossey** realizou importantes descubrimentos sobre o comportamento dos gorilas. Tamén fixo campaña pola súa protección e loitou contra a caza furtiva.

4

MARY KENNETH KELLER



A irmá **Mary Kenneth Keller** foi á vez monxa matemática e pioneira informática. Participou na creación da linguaxe de programación BASIC.

D

MARGARET MEAD



Ainda que parte do seu traballo foi controvertido, **Margaret Mead** foi unha antropóloga moi respectada. Axudou a definir os patróns culturais e promoveu a antropoloxía humanística.

5

LILLIAN GILBRETH



Lillian Gilbreth foi ao mesmo tempo enxeñeira industrial, psicóloga e nai de 12 nenos. Foi pioneira en ergonómia e psicoloxía do traballo.

6

SOPHIE KOWALEVSKI



A matemática **Sofia Kovalevskaya** contribuíu á análise, ás ecuacións diferenciais e a física dos corpos en rotación. O *trompo de Kovalevskaya* é usado como modelo para os aneis de Saturno.

7

ELLEN HAYES



Ellen Hayes foi matemática, astrónoma e profesora. Calculou a órbita de asteroides e corpos celestes. Tamén foi sufraxista e unha activista polos dereitos laborais.

8

MARY SOMERVILLE



A astrónoma **Mary Sommerville** escribiu e traduciu libros en diversos campos da ciencia. Predicou que outro planeta perturbaba a Urano antes de que Neptuno fora descuberto.

5

EMMY NOETHER



Emmy Noether foi unha matemática moi influente. Foi coñecida polas súas contribucións significativas á álgebra abstracta e á física teórica.

4

MARGARET FOUNTAINE



A entomóloga **Margaret Fountaine** viaxou a través de 60 países coleccionando, observando e bosquexando insectos. Foi unha experta nos ciclos de vida das mariposas tropicais.

6

ELLEN H. RICHARDS



Ellen Swallow Richards foi química industrial e pioneira en enxeñería sanitaria e ciencia doméstica. Foi unha das primeiras persoas en aplicar a Química ao estudo da nutrición.

9

LEONA WOODS



A física **Leona Woods** axudou a construír o primeiro reactor nuclear e a primeira bomba atómica. O seu traballo cos aneis das árbores abriu as portas para o estudo do cambio climático.

6

RACHEL CARSON



A bióloga **Rachel Carson** estudou os efectos daniños de pesticidas en paxaros e o medio ambiente. O seu libro *Primavera silenciosa* axudou a lanzar o movemento medioambiental.

10

TIKVAH ALPER



A física **Tikvah Alper** traballou con partículas alfa con Lise Meitner. Máis tarde chegou a ser radióloga e descubriu que as enfermidades priónicas non son transmitidas por un virus.



LYNN MARGULIS



A bióloga **Lynn Margulis** é ben coñecida pola súa teoría da simbioxénese, a cal describe cómo as células eucariotas chegaron a conter algúns orgánulos rodeando outros tipos de células temperás.




EUPHEMIA HAYNES



Euphemia Lofton Haynes convertiuse na primeira muller afroamericana en obter un doutoramento en Matemáticas. Adicou a súa vida á educación e ao activismo.




THEO COLBORN



Theo Colborn foi zoológa e analista de saúde medioambiental. Estudou como algúns compostos artificiais poden concentrarse na cadea alimenticia e afectar ao desenvolvemento en persoas e animais.




MARGARET E. KNIGHT



Margaret E. Knight foi a muller inventora máis famosa do século XIX. Deseñou unha máquina para dobrar e pegar bolsas de papel, así como numerosos aparellos.



YVONNE BRILL



A científica espacial **Yvonne Brill** desenvolveu tecnoloxía de foguetes, satélites e propulsión a reacción. O resistojet de hidracina que ella inventou, mellorou os métodos de propulsión de satélites.



RUBY PAYNE-SCOTT



Ruby Payne-Scott foi a primeira muller radioastrónoma, e xogou un papel clave na fundación de dita ciencia. Estudou a influencia do campo magnético da Terra e as erupcións solares.



ELIZABETH KENNY



Elizabeth Kenny foi unha enfermeira que promoveu un novo tratamento baseado en exercicios para a poliomelite, o que contribuíu á creación da fisioterapia.



DOROTHY HILL



A xeóloga **Dorothy Hill** contribuíu significativamente á paleontoloxía de invertebrados, particularmente corais. Foi a primeira profesora muller nunha universidade australiana.



KATHERINE JOHNSON



Katherine Johnson foi pioneira en ciencia espacial e informática. Calculou a traxectoria do voo do Apolo II á Lúa.




DOROTHY HODGKIN



A bioquímica **Dorothy Crowfoot Hodgkin** gañou o Premio Nobel de Química polo desenvolvemento da cristalografía de raios X de proteínas.




SOPHIE GERMAIN



A pesar de que nunca recibiu unha formación real a matemática **Sophie Germain** realizou contribucións significativas á teoría de números e elasticidade. Tamén estudou filosofía e psicoloxía.



NETTIE STEVENS



A xenetista **Nette Stevens** foi unha das primeiras científicas en describir os cromosomas X e Y e o seu papel na determinación do sexo.



ADA LOVELACE



A matemática **Ada Lovelace** foi a primeira programadora informática. Escribiu o primeiro algoritmo para a máquina analítica de Charles Babbage.



INGE LEHMANN



Inge Lehmann foi sismóloga. Descubriu que o interior fundido da Terra ten un núcleo sólido.



MARIE THARP



A xeóloga e cartógrafa oceanográfica **Marie Tharp** creou o primeiro mapa de todo o solo oceánico, e revelou a presenza de montañas submarinas, as Dorsais Centro-Oceánicas.



IRÈNE JOLIOT-CURIE



A física **Irene Joliot Curie**, filla de Marie Curie, gañou o Premio Nobel de Química polo seu traballo na síntese artificial de elementos radioactivos.



HEDY LAMARR



A actriz de Hollywood **Hedy Lamarr** participou en inventar unha importante tecnoloxía militar e de comunicacións, a cal é usada hoxe en día en Wifi e Bluetooth.



MATRÍCULA




Esta carta permíteche escoller unha personaxe da pila de descartes e engadilo a túa man.



Esta carta permíteche
escoller unha personaxe da pila
de descartes e engadilo a túa man.



Xoga esta carta para colleres
dúas científicas do laboratorio dun/ha oponente
e engadilas á túa man. O laboratorio d@
teu/túa oponente é destruído e os cartos
restantes volven á súa man.



Xoga esta carta para colleres
dúas científicas do laboratorio dun/ha oponente
e engadilas á túa man. O laboratorio d@
teu/túa oponente é destruído e os cartos
restantes volven á súa man.



Cando se xoga cunha
carta desta personaxe, esta carta
convértese nunha copia idéntica. O clon non
pode separarse da científica clonada ata
a fin do xogo.



Cando se xoga cunha
carta desta personaxe, esta carta
convértese nunha copia idéntica. O clon non
pode separarse da científica clonada ata
a fin do xogo.



Cando se xoga cunha
carta desta personaxe, esta carta
convértese nunha copia idéntica. O clon non
pode separarse da científica clonada ata
a fin do xogo.



Cando se xoga cunha
carta desta personaxe, esta carta
convértese nunha copia idéntica. O clon non
pode separarse da científica clonada ata
a fin do xogo.



Xoga esta carta para colleres
dúas científicas do laboratorio dun/ha oponente
e engadilas á túa man. O laboratorio d@
teu/túa oponente é destruído e os cartos
restantes volven á súa man.

Como xogar?

A finalidade é coleccionar 4 cartas dunha mesma cor para formar un "laboratorio". @ primeiro xogador/a que forme 3 laboratorios gaña.

Cada xogador/a recibe 6 cartas. Sitúase a baralla no centro da mesa, quitase a primeira carta e colócase boca arriba para empezar a morea de descartes.

Ao comezo da quenda, @ xogador/a escolle entre coller unha carta da baralla ou sacar a primeira carta da morea de descartes. Ao final da quenda, @ xogador/a só pode manter 6 cartas na súa man, tendo que descartar o resto.

Algunhas cartas teñen máis de unha cor, e poden contribuir a un laboratorio con calquera delas.

A carta MATRICULA permite a un/ha xogador/a coller calquera científica do mazo de descartes. A carta MATRICULA colócase entón baixo o mazo de descartes e non pode ser collida con posterioridade.

A carta PRESTIXIO permite a un/ha xogador/a roubar 2 científicas dun laboratorio oponente (o laboratorio é destruído e o resto de cartas volven á man d@ oponente). A carta PRESTIXIO colócase entón baixo o mazo de descartes e non pode ser collida con posterioridade.

A carta CLONAR permite a un/ha xogador/a crear unha copia exacta dunha científica que xa teña na man e é eliminada do xogo. As cartas e laboratorios do xogador mestúranse co mazo de descartes para formar unha nova baralla. A primeira carta desa baralla convértese no novo mazo de descartes.

